

Noticia sobre *¡A besta!*, un enigma ben divulgado

Modesto Hermida García

A primeira noticia sobre esta novela, que, malia levar por título *¡A besta!*, non pretende plaxiar a Émile Zola, segundo palabras do propio autor¹, ténnoa dado Uxío Carré Aldao². Noticia un tanto confusa, con visos de escurantismo e con indicios de non partir dunha boa información, xa que, se hai veracidade ó denunciar incorreccións léxicas e de estilo, non acertamos a lle atopar xustificación ás acusacións de procacidade. No ano 1963, cando Ricardo Carballo Calero publica a súa *Historia da Literatura Galega*³, será retomado o tema para situar esta novela, con certa precisión, na dimensión que lle corresponde. Xa no ano 1970, nun artigo que leva por título “Datos prá biografía de Xan de Masma. Primeiro novelista social en galego”⁴, será Xesús Alonso Montero quen nos informe de que o mencionadoseudónimo corresponde a Patricio Valentín Sisto Delgado Luaces, natural de Mondoñedo e bautizado o 6 de agosto de 1950. Tamén, de que foi combatente carlista e, por mor deso, prisioneiro no cárcere de San Antón en A Coruña, no ano 1872, e de que, emigrado en Cuba, foi colaborador entusiasta da revista *Follas Novas*. En 1975, na *Historia da Literatura Galega Contemporánea* -esa 2ª edición ampliada-, Ricardo Carballo Calero repite información sobre *¡A besta!*, un tanto ampliada, e xa recolle as aportacións de Xesús Alonso Montero acerca da identidade do autor.

Transcorrido o tempo, dende a información que temos sintetizado e dende certas noticias que se transmitiron por vía oral, foi a novela de Xan de Masma obxecto de especial interese, nestes últimos anos, entre certos estudiosos inmersos no ámbito universitario, entre certos curiosos sempre atentos ás cousas que temos especialmente de noso. Cando nós nos atopamos entregados ó estudio da narrativa en prosa galega, correspondente a esa etapa que podemos calificar, *grosso modo*, como tempo do Rexurdimento, non dubidamos en viaxar a Cuba para ver de exhumar un texto que viña despertando tan especial interese. A viaxe non foi en balde. No Instituto

1. Xan de Masma, na primeira páxina da “Introducción” da súa novela, xa nos informa de como el non pretende plaxiar a Zola, nin no título nin nos puntos de vista dende os que o francés escribiu a novela *La bête humaine* (1890).

2. Carré Aldao, Uxío: *Literatura gallega*, Barcelona: E. Maucci, 2ª edición, 1911.

3. Esta obra de Ricardo Carballo Calero, no que foi a súa 1ª edición, comprende os oito primeiros capítulos daqueloutra que, en 1975, a modo de 2ª edición, levou por título *Historia da Literatura Galega Contemporánea*.

4. En *Faro de Vigo*, 12 de abril de 1970. Este artigo chegou a se recoller no libro de Xesús Alonso Montero *Lengua, literatura e sociedade en Galicia*, Madrid: Akal, 1977.

de Literatura y Lingüística da Habana, institución pertencente á Academia de Ciencias de Cuba e presidida por José Portuondo⁵, fomos dar cunha colección da revista *Follas Novas* na que, a modo de folletín, foi publicada a novela de Xan de Masma que leva por título *¡A besta!*.

A parcial exhumación

En efecto, no número 87 do ano III da mencionada revista, que data de 29 de xaneiro de 1899, encadernado no tomo II^o, aparece a primeira entrega para o folletín en cuestión, entrega que tan só recolle a portada do libro e que contén os datos exactos que, como nota bibliográfica na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, aporta Ricardo Carballo: “Biblioteca de *Follas Novas*.- Tomo III/ *¡A besta!*! Novela de costumes gallegas/ por/ Xan de Masma/ Habana/ Imprenta de El Correo Tipográfico/ 32, Amargura 32/ 1899”. Dende este comezo, sen faltar a un só número, sucédense as entregas ata o número 134, que data de 24 de decembro dese mesmo ano 1899, para completar os XIV capítulos da primeira parte. No número 136 da revista, que data de 7 de xaneiro de 1900, iníciáanse as entregas correspondentes á segunda parte da novela, para continuaren ata o número 187, de 30 de decembro do mesmo ano 1900, no que aínda aparecen páxinas do longo capítulo IX desta segunda parte. Todos estes números da revista *Follas Novas*, que conteñen páxinas da segunda parte da novela, están encadernados como tomo III^o.

Ocorre, sen embargo, que esta última entrega á que tivemos acceso remata na páxina 390, unha páxina que, ó noso entender, ten que ser das últimas do capítulo IX da segunda parte e, por ende -á marxe dun presunto epílogo insinuado por Ricardo Carballo Calero e que, por razóns estruturais, sería ben coherente coa introducción que coñecemos-, das últimas da propia novela. E non entendemos que poida ser doutra maneira, en atención ós seguintes fundamentos. Ese longuísimoo capítulo IX da segunda parte leva por título “¡Por fin!”; en páxinas anteriores xa temos noticia de como se ten adquirido unha propiedade agraria, destinada ó protagonista da novela, na que experimentar o cooperativismo; nesa última páxina á que tivemos acceso preséntasenos á parella de protagonistas, Josefa e Pedro, xa na igrexa do Cadramón en disposición de recibiren o sacramento do matrimonio. De tal maneira, hai que pensar en que nunhas dúas ou tres páxinas máis, número que ó lle engadir a correspondente á contraportada será o adecuado para unha entrega, se poña cabo ó esposorio e se ubique á feliz parella na recién adquirida propiedade rural, co que remataría a acción da novela. Como final, tan só restarían as páxinas correspondentes a ese seguro epílogo no que, en palabras de Ricardo Carballo Calero, se fai “(...) descripción minuciosa dun ensaio de redención dunha comarca rural a base de reformas técnico-económicas, culturais e sociais”. Mágoa que non nos fose posible dar cos números de *Follas Novas* correspondentes a xaneiro de 1900, os números que conteñen esas páxinas finais de *¡A besta!*, por moito que teñamos esculcado, por moito que máis dun amigo se teña interesado, nas hemerotecas de Nova Iorque, por ese IV tomo no que deben estar encadernados os números do noso especial interese.

5. O acceso a este prestixioso intelectual cubano foi determinante en orde a se nos facilitar a adquisición do texto que pretendíamos, acceso que resultaría case imposible de non medieren os bos oficios dese valioso narrador galego, o noso amigo Xosé Neira Vilas.

O valor deste texto

Máis aló da expectativa que ten espertado esta novela, expectativa que xustificaría en si mesma a oportunidade da súa divulgación, resultan de especial interese os valores de *¡A besta!* como documento histórico, etnográfico, literario e sociolingüístico. Porque esta novela é unha novela, en boa medida, histórica, é unha novela arroupada con valores etnográficos e, por momentos, antropolóxicos, é unha novela importante, dende a perspectiva literaria, no pobre contexto da narrativa da época en prosa galega, é unha novela que, en menor medida, achega posibilidades para unha análise sociolingüística dende o momento en que se pode calificar como un dos textos galegos no maior grao de deturpación. Sen embargo, de non se incluíren certos aspectos na valoración desta novela como texto histórico, compriría engadir que o interese máis trascendente da mesma radica nas súas confusas teses sociolóxicas, ideolóxicas, éticas, e de pragmatismo político. A estes últimos aspectos voltaremos para dar cabo a esta nosa noticia sobre *¡A besta!*.

O contexto histórico

Nese amplo período que vai de 1875 a 1917 e que os historiadores definen como tempo da Restauración, os acontecementos son múltiples dende tódolos aspectos: políticos, sociolóxicos, económicos, culturais, etc. A propia restauración da monarquía dá lugar a un cambio de rumbo en España que será marco, causa e, ás veces, consecuencia dese bulir sociopolítico e cultural. Este amplo período, sen embargo, e en atención a tódolos indicadores mencionados, está fragmentado en dúas grandes épocas de moi diverso cariz; a liña divisoria chega co século XX e cristaliza no ano 1902, cando Alfonso XIII se fai cargo da coroa, aquela na que o viñera substituindo, como rexente dende 1885, a súa nai María Cristina.

De tal modo, se nos fixamos na data da publicación de *¡A besta!*, o ano 1899, logo nos decatamos de que esta novela viu a luz nos últimos anos da rexencia de María Cristina, nos últimos anos, tamén, daquel tempo que vén sendo considerado como a primeira época da Restauración. Se a estas circunstancias lle engadimos a da cronoloxía obxectiva, a de ser novela publicada no derradeiro ano dun século, non dubidaremos en afirmar que *¡A besta!* aparece nun momento radicalmente terminal, co que este feito conleva de crise, de mutación, de inseguridade, tamén de expectativa. Pero non podemos esquecer que o ano anterior á publicación da novela, precisamente na Habana, onde residía como emigrado o seu autor, tén lugar o fracaso bélico de España en Cuba, aquel acontecemento que ferira o mellor da intelectualidade española, aquel acontecemento que puxera en pé de activa oposición política ós territorios máis activos e reivindicadores dos seus dereitos rexionalistas, que non eran outros que Cataluña e Euzkadi. Xan de Masma, o autor de *¡A besta!*, o cidadán Patricio Delgado Luaces, que no ano 1872 ingresara en prisión por combatente carlista, de seguro que non se sentiu moi abalado na súa íntima afectividade -agora residente en Cuba- polos acontecementos negativos para o decadente imperialismo español. A Patricio Delgado Luaces si lle debeu afectar, e moito, a derrota sufrida polos carlistas despois dunha longa guerra (1872-1876) na que, por ter sido privado da liberdade o 11 de outubro de 1872, non debeu participar de modo moi efectivo. Tanto lle debeu afectar que o carlismo é o fundamento ideolóxico da novela; tanto

Ile debeu afectar que parte importante da novela vén a ser o diario dun combatente galego, a prol da causa carlista, en terras de Euzkadi.

Xa en relación á historiografía da narrativa en lingua galega, *¡A besta!* aparece, de seguro que moi pouco divulgada en Galicia, nun momento no que esa crise de etapa terminal se deixa sentir. Os últimos anos oitenta e os primeiros noventa do século XIX son os máis fructíferos para a narrativa en prosa galega, de todos aqueles comprendidos entre o ano 1880 e o ano 1916, que é o período que podemos considerar como tempo do Rexurdimento. Os anos máis frouxos, alén daqueles primeiros oitenta, que cifran o seu esplendor na aparición da primeira novela en galego⁶, son, máis ca os últimos anos noventa, os primeiros do século XX, dos que ben se podería xustificar a súa trascendencia por aparecer en 1899 esta primeira novela galega de amplísima dimensión, a primeira novela galega de carácter claramente sociopolítico. En todo caso, non podemos esquecer que, ademais de que do ano 1899 sexa a edición da novela de Rodríguez López, titulada *A cruz de salgueiro*⁷, tamén neste ano se publicaron relatos en galego de Bernaldo do Pouso, Bernardo Rodríguez, Alfredo Fernández, Fernández Merino e outros, firmados por descoñecidosseudónimos, en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires; de Leopoldo Basa, de Fortunato Cruces e do propio M. Castro López no *Almanaque Gallego* de M. Castro López; de Carré Aldao, de Fortunato Cruces e de F. Portela Pérez na *Revista Gallega* de Galo Salinas; e así algún traballo máis. O que non é deste ano, como por erro considera Ricardo Carballo Calero⁸, é o libro de relatos de F. Álvarez de Novoa que leva por título *Pé das Burgas*, senón que, como é sabido, data de 1896.

Estructura externa

Á vista das 390 páxinas de folletín que temos exhumado e atendendo á información que nos achega Ricardo Carballo Calero⁹, podemos afirmar que *¡A besta!* consta de catro partes ben definidas, dúas de tipo ensaístico e dúas nidamente narrativas.

Ensaística é a “Introducción”, que coñecemos, e ensaístico ten que ser o “Epílogo”(?), que descoñecemos. Na “Introducción”, que consta de dez páxinas do folletín, numeradas en romanos, faise unha tenue referencia a Zola para deixar nidia constancia da oposición ós principios filosóficos e narrativos que guían a obra do pai do Naturalismo, sen que este firme posicionamento, por contradicción entre o expresado na “Introducción” e o texto narrativo, signifique claridade ningunha acerca dos propios principios ou conceptos sobre a maneira de narrar, sobre os temas máis interesantes para o exercicio narrativo. No suposto “Epílogo”(?), de seguro que se teorizará sobre cooperativismo, sobre xustiza social, e presentaranse os éxitos alcanzados na experiencia que se insinúa nos últimos capítulos da narración.

6. Estámonos a referir a *Majina ou a filla espúrea*, por Marcial Valladares Núñez, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 1880. Agora sabemos que a noveliña, nembargantes, foi escrita dez anos antes, no 1870 (Cf. Marcial Valladares, *Maxina ou a filla espúrea*, cun estudio literario de Anxo Tarrío Varela e outro lingüístico de Margarita Neira e Blanca-Ana Roig, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990).

7. No ano 1893 foran publicados fragmentos desta peza narrativa na *Revista Gallega* de Martínez Salazar.

8. *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1875, p. 499.

9. Op. cit., pp. 454-455.

A “Primeira parte”, esa primeira metade narrativa, consta de catorce capítulos sobre os que, sen entrarmos en minucias impertinentes, se poderían facer as seguintes indicacións. No capítulo primeiro (“Pro mercado”) preséntase o núcleo social dependente e, por mor desa dependencia económica, sitúase no maior perigo ó ben máispreciado dese núcleo social; o capítulo segundo (“A festa de Corpus”) é un amplo relato costumista no que xa se expresan as simpatías pola fidalguía rural; no capítulo terceiro (“O amo”) preséntasenos a unha das posibles bestas na concepción de Xan de Masma, aquela que máis semellanzas conleva coa besta de Zola; no capítulo cuarto (“As eleucións”) queda patente a contestación do cidadán Patricio Delgado Luaces ó sistema político vixente, aquel que representa a monarquía borbónica e mailo liberalismo político; o capítulo quinto (“O día d’o galo”), que é outro relato costumista, apróvéitase para arremeter contra o republicanismo e a emerxente contestación proletaria; outro relato costumista, sen especial incidencia en cuestións de principios, cheo de cántigas populares, é o capítulo sexto (“A festa do San Ramón”); o capítulo sétimo (“¡Seducción!”), no que se identifica ó cacique coas bestas dos labregos, é o de maior tensión narrativa e no que máis literariamente se emiten as críticas mensaxes; O capítulo oitavo (“Xan soldado”), no que a crítica se dirixe ó sistema de militarización das quintas, é o máis didáctico na axitación, xa que se fai uso das cántigas populares como amplas mensaxes directas e sintetizadas; o capítulo noveno (“Con rumbo a Cuba”) é unha continuación do anterior, con especial incidencia na crítica á xerarquización militar; no capítulo décimo (“O despoxo”) preséntase a penosa circunstancia e a febleza dos indixentes rurais, aqueles caseiros despoxados sen clemencia; o capítulo once (“O amo de Pepe de Merlo”), no que moito se teoriza sobre temas sociopolíticos, no que se implica, dende o seu prestixio, a certas personalidades do galeguismo, volta a ser un alegato a prol da fidalguía rural, do conservadurismo; no capítulo doce (“Esgarecendo de fame”), que é un canto bucólico á rexa xeografía do Cadramón, incídese nas desgracias dos menesterosos paisanos galegos; o capítulo catorce (“Soiña”) -non existe o capítulo trece- é un panexírico do carlismo que se sintetiza, en parte, nun bondadoso e firme correligionario cura de aldea. A “Segunda parte”, esa segunda metade narrativa, que con seguridade debe constar de nove capítulos (?), discorre da seguinte maneira: no primeiro capítulo (“¡Pasou o tempo!”), no que se anuncia un salto temporal de dous anos, resólvese un importante problema estrutural, ó pasar a protagonista feminina, despois da orfandade absoluta, á custodia do bondadoso cura carlista, ó entrar esta en contacto co protagonista positivo da novela, un xove fidalgo carlista; o capítulo segundo (“Pedro cabecilla”) é un relato de acción, no marco histórico do levantamento dos carlistas contra Isabel II, e é un relato de amor romántico entre o fidalgo e a campesiña; no capítulo terceiro (“Pepiña presa”), capítulo maniqueo en boa medida, relátanse os acontecementos da confrontación bélica, con resultados negativos para tódolos inocentes e bondadosos; o amplo capítulo cuarto (“¡A xosticia de Dios!”), que se desenvolve como símbolo do triunfo do mal entre os humanos, remata como símbolo da xustiza divina que castiga a maldade e non abandona ós bos e menesterosos; o capítulo quinto (“Pedro xúntase con Xan”) é un moi sintético relato, de moi ampla funcionalidade narrativa, que vén a continuar como consecuencia do seu inmediato anterior; os capítulos sexto e sétimo (“¡Outra vez fuxindo!. Prefacio” e “A guerra que fixo Pedro”), nos que prima o recurso estrutural dos diarios, lévase ó protagonista a Euzkadi e alí se lle fai loitar, como oficial, a prol do carlismo; o capítulo oitavo (“A emigración”), que representa o exilio, é un capítulo complexo, simpático e, en certa medida, contradictorio, no que se rompe a coherencia ideolóxica da novela e do autor da mesma: hai

toques de costumismo, de folclorismo culturizado -velaí o protagonista, carlista, cantando en París “Unha noite na eira do trigo”- e recursos epistolares -aquí o máis contradictorio- cando outro cura amigo remite unha carta ó protagonista, que é un alegato a prol do socialismo, na que tamén se lle informa das súas propiedades, que serán a base da futura cooperativa; O capítulo noveno (“¡Por fin!”), supoñemos que o derradeiro narrativo, capítulo do que exhumamos unha boa cantidade de páxinas, é o reencontro coa patria, o bucolismo exaltado, o reencontro co amor e, en definitiva, a final feliz e a esperanza para Galicia.

Concluimos esta presentación estrutural coa indicación de que, se na primeira parte é unha realidade o equilibrio cuantitativo de páxinas entre os capítulos, parte na que tan só se observa esa incoherencia ou fallo mecánico na numeración dos capítulos, ó careceren do número trece¹⁰, na segunda parte, na que os capítulos en xeral son moito máis extensos, o desequilibrio de páxinas entre estes é moito máis notable.

Un texto sociopolítico

Este texto narrativo de Xan de Masma, que conta co extraordinario mérito de ser unha das escasísimas novelas longas en prosa galega, entre as que conforman ese limitado corpus da nosa literatura no tempo do Rexurdimento, preséntasenos como unha peza de variados centros de interese, malia que non se poida considerar unha obra de extraordinaria calidade literaria. Xa nos temos referido ós seus valores etnográficos e antropolóxicos, ata o punto de que nela podemos esculcar cántigas populares, maneiras de viviren os rústicos galegos e mailos señores vilegos, recursos de subsistencia e moi variadas festas ou efemérides populares; xa nos temos referido ós seus valores históricos, ata o punto de que o tempo narrativo de *¡A besta!* corresponde a un período do século XIX, non moi anterior á súa publicación, que se presenta ben doado de identificar; xa nos temos referido ós seus valores sociolingüísticos, ata o punto de que, pola deturpación da lingua utilizada, ben se podería analizar o estado decadente da lingua galega, cando menos en certos sectores sociais e en certos ámbitos da emigración; xa nos temos referido, tamén, ós máis escasos valores lingüísticos, dado que, neste aspecto, tan só poderíamos esculcar nesta novela algún léxico correspondente a esa ben definida zona dialectal, situada no marco do galego central, que é a chamada Mindoniense. Pero as características fundamentais que definen este tipo de novela serían aquelas que se sitúan, co que tamén conlevan de expresión ideolóxica, nos parámetros da sociopolítica.

Efectivamente, como trataremos de evidenciar, a novela de Xan de Masma resulta ser, antes ca ningunha outra cousa, un ensaio de novela sociopolítica. En primeiro lugar, é unha novela social na medida en que demostra un claro compromiso afectivo cos menesterosos, na medida en que se expresan alternativas de redención e na medida en que tódolos personaxes que sofren a historia, esmagados polas mil e unha accións do poder, son personaxes que habería que calificar, no correspondente paradigma literario, como personaxes simpáticos; pero é tamén novela social na medida en que o amplo sector das clases sociais acomodadas e urbanas, aquel sector

10. Non é de supor que se deba a influencias supersticiosas, dada a formación e convicción católica do autor, esa usencia do número trece.

ligado ó poder político, son denunciadas como axentes da inxustiza e da opresión; son os personaxes da novela, naquel posible paradigma, que habería que calificar de antipáticos. En todo caso, a calificación de social cabería, malia que con mudada dirección de simpatías, cando o autor se manifesta, a través dos recursos narrativos, en contra da emerxente organización proletaria, en contra das manifestacións reivindicativas, en contra, mesmo, dos principios que sustentan a ideoloxía socialista. E neste punto xa nos atopamos co eixo meridiano que guía os contidos deste relato, a ideoloxía conservadora que tan só se tronza, con evidente incoherencia, cando no capítulo noveno da segunda parte aparece, como comunicado positivo dirixido ó protagonista do redentorismo, unha epístola, asinada por un sacerdote, que é un canto ós principios socialistas.

Resulta máis ca evidente que o autor, carlista militante e convencido, debuxa un universo de inxustizas e malignidades, atribuíbles á monarquía borbónica e mais ó liberalismo político, que se solventarían de modo positivo no marco institucional dunha ansiada monarquía carlista, no marco político do conservadurismo político, e nun modelo social ruralizante, acaudillado pola bonancible fidalguía, que lle semella adecuado, como insinúa na xa mencionada “Introducción” teórico-ensaística, ós principios do Papa León XIII que culminan na encíclica “*Rerum novarum*”¹¹. Ocorre, sen embargo, que, nesta teima case maniquea, ó se proxectar sobre un ámbito rural cheo de miseria, ten que procurar as formulas redentoristas nos principios organizativos e sociais do cooperativismo, que o levan, sen posibilidade de fuxida, a se achegar á ideoloxía socialista. En definitiva, trátase dun intento, mais ou menos brillante, de compaxinar o catolicismo paternalista, e socialmente avanzado, cos novos principios ideolóxicos que guiarán, por moito tempo, o combate pola emancipación do proletariado.

Ben difícil lle resultará tamén a Xan de Masma, o autor da novela, ó cidadán Patricio Delgado Luaces, manter a coherencia e o equilibrio afectivo en relación á cuestión rexional galega, en relación ó galeguismo. Ben coñecido resulta o feito de que os prosélitos do carlismo en Galicia foron escasos e que estes escasos carlistas pouco significaron no movemento rexionalista galego. Pero como Patricio Delgado Luaces, ademais de carlista, era, ó que se pode observar pola súa obra narrativa, un convencido galeguista, non dubidou en acudir ás citas sobre Manuel Murguía, Curros Enríquez e outros prohombres do galeguismo, citas que -mágoa non confesada pola súa parte- o comprometían co liberalismo de Murguía e con ese particular revolucionarismo republicano de Curros Enríquez.

Modesto Hermida
I.B. “República Oriental do Uruguai”
Vigo

11. O Papa León XIII, que defendu o principio de autoridade na encíclica *Diuturnum*, foi considerado, sen embargo, o Papa dos obreiros, malia condenar o socialismo na encíclica *Quod apostolici*, por se ocupar dos dereitos dos traballadores nunha serie de postulados que culminaron na encíclica *Rerum novarum*, promulgada en 1891.